

**APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN, EN SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 17/08/2000, SESIÓN Nº.: 07/2000**

**ORDENANZA ESPECIAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E
MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

**CAPITULO I
Disposicións Xerais**

ARTIGO 1º.- A presente Ordenanza dictase en virtude das facultades concedidas polos artigos 25 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, en relación co preceptuado nos artigos 170 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, art. 24 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia, e 1 e 10 do Real Decreto 2187/1978, do 23 de xuño polo que se aproba o Reglamento de Disciplina Urbanística, Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Reglamento de Servicios das Corporacións Locais, art 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

ARTIGO 2º.- Esta Ordenanza ten natureza de Ordenanza de Policía Urbana e Rural e de Prevención de Incendios, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto, por vir referida a aspectos de salubridade, de seguridade e puramente técnicos.

ARTIGO 3º.- Ós efectos desta ordenanza terán a consideración de nucleos urbanos os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, Plano Xeral de Ordenación Municipal ou Plano de Ordenación do Medio Rural) clasifiquen como tales ou os que reúnan as condicións que sinala o artigo 64 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia

ARTIGO 4º.- Terán a consideración de núcleos rurais os terreos que se incluan no ámbito dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal.

ARTIGO 5º.- Ós efectos desta ordenanza terán a consideración de soares, as superficies de solo urbano aptas para a edificación que reúna os requisitos establecidos no artigo 69 da lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG).

ARTIGO 6º.- Por finca rústica entenderase as superficies de terreos que o planeamento urbanístico non clasifica como solo de nucleo urbano (Bóveda e Rubián) ou rural, e definido no artigo 68 da precitada Lei 1/1997, do solo de Galicia.

**CAPITULO II
Da limpeza de terreos e soares**

ARTIGO 7º.- O Alcalde ou concelleiro no que delegue, dirixirá a policía urbana, rural, e sanitaria, e exercerá a inspección das fincas, parcelas, obras e as instalacións do término municipal de Bóveda para comproba-lo cumprimento das condicións esixibles.

ARTIGO 8º.- Queda prohibido arroxar lixo ou residuos sólidos en soares, espazos libres de propiedade pública ou privada, e fincas rústicas.

ARTIGO 9º.- 1.- Os propietarios de toda clase de terreos e construcións, deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixos, residuos sólidos urbáns ou entullos e maleza.

2.- Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigaón recairá sobre aquela que teña o dominio útil.

ARTIGO 10º.- O Alcalde ou o seu Delegado, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento poñendoo en coñecemento do propietario ou propietarios do terreo, urbanización, edificación ou instalación, e previo informe dos servizos técnicos e con audiencia ós interesados, dictará resolución sinalando as deficiencias, ordeando as medidas precisas para subsanalas e fixando un prazo para a súa execución.

2. Transcurrido o prazo concedido sin que os obrigados a iso executasen as medidas precisas,

o Alcalde ordeará a incoación do procedemento sancionador.

3. Na resolución, ademáis, requirirase ó obrigado ou o seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cabo polo Concello a cargo do obrigado, o que se lle cobrará a través do procedemento recaudatorio en vía executiva.

CAPITULO III

Das medidas de prevención contra incendios forestais

ARTIGO 11º. 1.- Nos nucleos urbanos e rurais quedan prohibido a plantación de coníferas agás a plantación de arbores illados con fins ornamentais.

2.- Establecese, como medida preventiva, unha franxa de protección contra incendios forestais de cincuenta metros contados a partir da liña delimitadora do nucleo, ou no seu caso das edificacións exteriores do mesmo, que deberán estar libres de maleza ou de calquer outro material que facilite a propagación do lume.

ARTIGO 12º.- As plantacións de coníferas que se leven a cabo, unha vez en vigor a presente Ordenanza, deberán gardar unha distancia mínima de protección de setenta e cinco metros á liña delimitadora dos nucleos, tanto rurais como urbanos.

ARTIGO 13º.- Os propietarios ou administradores de plantacións de coníferas, existentes á entrada en vigor desta Ordenanza, deberán realizar labouras de limpeza de maleza e de calquer material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de protección contra incendios forestais de cento cincuenta metros contados a partir da liña de delimitación dos nucleos urbanos ou rurais.

ARTIGO 14º.- Estaráse ó disposto no artigo 10º da mesma en canto á prohibición de realizar novas plantacións deste tipo de arbores dentro da franxa de protección, unha vez realizada a tala de arbores dunha plantación de coníferas

ARTIGO 15º.- O alcalde ou o seu Delegado, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento poñendoo en coñecemento do propietario ou propietarios das fincas, tanto urbanas como rústicas, e previo informe dos servizos técnicos e con audiencia ós interesados, dictará resolución sinalando as deficiencias, ordeando as medidas precisas para subsanalas e fixando un prazo para a súa execución.

2. Transcurrido o prazo concedido sin que os obrigados a iso executasen as medidas precisas, o Alcalde ordeará a incoación do procedemento sancionador.

3. Na resolución, ademáis, requirirase ó obrigado ou o seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cabo polo Concello a cargo do obrigado, o que se lle cobrará a través do procedemento recaudatorio en vía executiva.

CAPITULO IV

Infraccións e sancións

ARTIGO 16º. Constitue infracción desta ordenanza as accións ou omisións que vulneren as precisións contidas nesta Ordenanza:

a) O incumprimento da orde de execución das obras para mante-los terreos, urbanizacións de iniciativa particular e edificacións ou instalacións en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, tal como dispon o artigo 170 da Lei 1/1997 do 24 de marzo, do Solo de Galicia e 24 do Regulamento de Disciplina Urbanística, aprobado por el Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, e art. 10 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Real Decreto 2187/1978 declarado vixente polo Real Decreto 304/1993, do 26 de febreiro

b).- Non respeta-las medidas preventivas de protección contra incendios forestais, incumprindo o deber de manter libre de maleza ou de calquer outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas nesta Ordenanza.

c).- Realizar novas plantacións de arbores coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta Ordenanza.

ARTIGO 17º. 1. As infraccións ás que se refire o artigo anterior serán sancionadas cunhas multas coercitivas que oscilaran entre as 25.000 e 500.000 peséas.

1.1.)- As infraccións a ésta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

1.1,a).- Son infraccións moi graves as infraccións as accións e omisións que constitúan incumprimento das normas que afecten á salubridade e seguridade de terreos e edificacións, así como o incumprimento das medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza durante os meses de verán, que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio.

1.1,b).- Son infraccións graves as accións e omisións que constitúan incumprimento das normas que relativas á seguridade, salubridade ou ornato, si afectan levemente á salubridade e/ou seguridade de persoas ou bens, así como ás medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza, que supoñan un risco evidente contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio e, a nova plantación de coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza

1.1.c).- Consideraranse infraccións leves as infraccións a esta ordenanza que non teñan o carácter de moi graves ou graves.

2. En ningún caso poderá o Concello deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar o orde urbanístico vulnerado así como a facer efectivas as medidas de prevención e protección contra incendios forestais, polo que poderá proceder, previo apercibimento, á execución forzosa, por medio da execución subsidiaria realizando os correspondentes actos, por sí ou a través das persoas que determine, a costa do obrigado.

ARTIGO 18º. No incumprimento das ordes de execución por razóns de salubridade e hixiene ou ornato, alleas ó cerramento ou valado e, medidas preventivas contra incendios forestais, serán responsables as persoas que teñan o dominio útil.

ARTIGO 19º. O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador e o Alcalde, conforme dispoñen o artigo 21,1,k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, sin perxuízo das facultades de desconcentración na Comisión de Goberno ou nun Concelleiro.

ARTIGO 20º. A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

ARTIGO 21º. Para graduar as multas atenderáse primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos de infracción, á reiteración por parte da persoa responsable e ó grao de culpabilidade de cada uno dos infractores.

ARTIGO 22º.- Sancións por faltas moi graves.-

Sancionárase con multa de 300.000 pesetas a 500.000 pesetas:

a) As infraccións a esta ordenanza que afecten á salubridade e seguridade de terreos, edificacións e instalacións, así como ás medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza durante os meses de verán, que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio.

b) O incumprimento reiterado das ordes de execución dictadas para subsanar infraccións calificadas como graves.

ARTIGO 23º.- Sancións por faltas graves: Sancionárase con multa de 100.000 pesetas a 300.000 pesetas

a) As infraccións a ésta ordenanza que constitúan incumprimento das normas que afecten ó ornato de fincas si afectan levemente á salubridade e/ou seguridade de persoas ou bens, así como ás medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza, que supoñan un risco considerable contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio e, a nova plantación de coníferas dentro dos núcleos urbanos ou rurais, así como na franxa de protección fixada nesta ordenanza.

b) O incumprimento reiterado das ordes de execución dictadas para subsanar infraccións calificadas como leves

ARTIGO 24º.- Sancións por faltas leves: Sancionárase con multa de 25.000 pesetas a 100.000 pesetas as infraccións a ésta ordenanza que constitúan incumprimento das normas que non teñan o carácter de moi graves ou graves.

Recursos

ARTIGO 25º. Contra as resolucións da Alcaldía, nas que se plasmen as ordes de execución, que poña fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As distancias de seguridade e prevención contra incendios forestais que se contemplan nesta ordenanza non serán de aplicación ás edificacións ubicadas nos viveiros forestais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza que consta de 25 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril